

D<sup>a</sup> Elvira Crespo Casal, Secretaria accidental do Concello de Ponte Caldelas, do que é Alcalde,  
D. Andrés Díaz Sobral,

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno en data 27.07.2015 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

## 8.LICITACIÓNS E CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS:

**8.1. Declaración de oferta máis vantaxosa para o contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana municipal, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía redactada nos seguintes termos:

### DECLARACIÓN OFERTA MÁIS VANTAXOSA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO SOCIAL DAS VIVENDAS EN CARTEL

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

En data 18.06.15 o interesado con número de rexistro 2355 presentou sobres A e B para optar a unha das vivendas.

Á vista de que nos Pregos, na cláusula 6, establece que unha vez puntuadas as solicitudes, se confeccionará unha lista provisional na que constarán os admitidos coa súa puntuación correspondente, e os excluídos coa causa de exclusión. Os solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de dez días dende a súa publicación. Vistas ditas alegacións e, no seu caso, a documentación achegada se confeccionará a lista definitiva de admitidos ordenándoa de maior a menor puntuación.

A mesa de contratación, á vista da lista resultante e os criterios de valoración establecidos, unha vez informados polos servizos sociais do Concello, propondrá motivadamente ó órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor dun licitante, establecendo unha orde de puntuación, quedando os demais na lista de reserva que será elaborada.

A acta que contén a lista provisional de admitidos e excluídos, estivo exposta do 02.07.15 ao 14.07.15, publicada no Perfil do Contratante e no Taboleiro de Editos do Concello de Ponte Caldelas sen que se producisen alegacións.

Á vista da reunión da mesa de contratación de data 21.07.15 e á vista do recollido nos pregos, **PROPOÑÓ Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro:** Establecer o listado definitivo de admitidos coa correspondente puntuación:

- Expediente 2355. Puntuación: 15 puntos.

Listado definitivo de excluídos: Ningún.

**Segundo: Declarar como oferta máis vantaxosa** para a adxudicación do contrato en réxime de arrendamento social das vivendas cedidas polo IGVS, con destino a aluguer a familias en situación de exclusión social, **a presentada polo licitador 2355.**

**Terceiro: Requirir ó licitador 2355,** no prazo de dez días a contar dende o requirimento, a seguinte **documentación:**


- Documentación acreditativa de non ter débedas pendentes co Concello ou ben autorizar ó Concello a efectuar a consulta de oficio, así como a documentación

acreditativa de non ter débedas pendentes coa Hacienda estatal, autonómica e coa Seguridade Social, e como o cumprimento dos requisitos para acceder ás vivendas así como a documentación demostrativa dos criterios de valoración que serviron para puntuar a súa solicitude, documentación que ven sinalada na cláusula 5 do presente prego. Se no prazo establecido non se presentou a documentación, se entenderá que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte. Unha vez recibida a documentación o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato nos cinco días hábiles seguintes á recepción da mesma.

**Cuarto:** Que se publique o presente no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

E para que conste e aos efectos oportunos, coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, en Ponte Caldelas a 27.07.15.

O Alcalde,  
Vº e Prde.  
Asdo.: Andrés Díaz Sobral



A Secretaría Acctal.,  
Asdo.: Elvira Crespo Casal

